

O AMOR ENTRE MARIE ANNE E LAVOISIER

BERMEJO PATIÑO, MANUEL R.

GONZÁLEZ NOYA, ANA M.

PINTOS BARRAL, XOANA

Departamento de Química Inorgánica

Universidade de Santiago de Compostela

Presentar e divulgar tanto a vida como as achegas das mulleres científicas que, aínda hoxe, non están incorporadas ao acervo científico institucional é fundamental para que, as nenas e nenos de hoxe, saiban que, a Ciencia foi feita, en pé de igualdade, por mulleres e homes ao longo da historia. Na actualidade as mulleres científicas seguen a estar agochadas da historia oficial e cómpre sacalas á luz para que sexan coñecidas polo noso alumnado.

O recoñecemento da valía científica e cultural de Marie Anne Paulze Lavoisier é, hoxe, ben coñecida para cant@s acudides aos nosos congresos de ENCIGA e nos seguides nas presentacións das nosas achegas. Ao longo dos últimos anos levamos presentado os máis diversos motivos sobre a súa vida e, tamén, temos reflexionado dabondo sobre a obra completa de Marie: o seu comportamento como “*salonniere*”; a súa labor como ilustradora; os seus variados amores, tanto os interesados como os desinteresados, co máis variado da intelectualidade francesa da ilustración do derradeiro terzo do século XVIII; un estudo comparado coa traxectoria de Caroline Herschel; a súa contribución no descubrimento e na utilidade do osíxeno;...etc.

Nesta comunicación queremos dar conta da vida en común de Antoine e Marie, presentando algunhas das súas achegas realizadas conxuntamente; pero centrándonos fundamentalmente no amor e na amizade que tan frutífera foi na súa curta vida e que deu lugar a unha investigación de extraordinaria importancia.

No noso desexo de **Instruír, Educar e Divertir**, presentamos hoxe esta nova comunicación sobre Marie Anne Paulze Lavoisier, coa intención de comprender mellor como foi a vida en común deste extraordinario matrimonio científico da ilustración francesa.

Pretendemos dar conta dalgúns aspectos derivados da súa relación con Antoine Lavoisier:

1º Como foi a súa vida en común con Lavoisier, e como concibiron e realizaron a educación como unha finalidade en si mesma e ao amor como o modo de conseguir a liberdade.

2º Como se expresou o amor de Marie, por Antoine, máis ala da súa morte. Describindo o amor e o medo, sentido no período do terror, así como o pesadelo da súa relación co conde Rumford.

3º Finalizaremos contrastando os amores de Marie nos seus matrimonios, como eran no seu comportamento tanto Lavoisier como Thompson e como puideron afectar ao seu sentido da Liberdade.

BIBLIOGRAFÍA

- González Noya, A., Pintos Barral, X., e Bermejo Patiño, M. R. (2017). Os Amores de Marie Anne Paulze. Parte I: Os Amores desinteresados". En *XXX Congreso de ENCIGA* (Allariz), nº 84, pp. 75-76.
- González Noya, A., Pintos Barral, X., e Bermejo Patiño, M. R. (2018). Os Amores de Marie Anne Paulze. Parte II: Os Amores interesados". En *XXXI Congreso de ENCIGA* (Lalín), nº 86, pp. 99-100.
- González Noya, A., Pintos Barral, X., e Bermejo Patiño, M. R. (2019). Marie Anne e a Táboa Periódica. En *XXXII Congreso de ENCIGA* (Viveiro), nº 88, pp. 85-86.